

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

**ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO
26 DE XULLO DE 2022**

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinde horas do martes 26 de xullo de 2022** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 20-07-2022*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno ordinario

A celebración do pleno adopta a modalidade de “presencial” según Decreto de Alcaldía de data 20 de xullo de 2022.

1. Partido Popular (PP)
1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, alcalde-presidente
2.-María José Sampedro Fernández
3.-Ramón José Doval Sampedro
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Ana Isabel Barreiro Rego.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Juana María Brión Santamaría
8.-Elvira Pereira Ageitos.
9.-Javier Ventura Sampedro Ageitos
2. Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-María Herminia Pouso Maneiro
3.-Miguel Ángel Vázquez Salgueiro, <i>incorpórase tras a votación do punto nº 2</i>
4.-Emilio Andrés González Regueira.
5.-Gerardo Pardavila Fernández.
6.-Asier Casais Álvarez
7.-Tania Redondo Fernández
3. Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-José Manuel Vilas Álvarez
2.-José Manuel Suárez-Puerta Sirgado.
4. Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez



5. Suma Ribeira (SR)

1.-Xurxo Ferrón Vidán

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo, **D. Pablo Bao Castro**.

PARTE I.-ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.-APROBACIÓN ACTA SESIÓN ORDINARIA 27 DE XUÑO DE 2022.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno extraordinario celebrado o **27 de xuño de 2022**.

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión ordinaria** do día **27 de xuño de 2022**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión ordinaria** celebrada o **27 de xuño de 2022**.

2.-SEGUNDA PRÓRROGA, NO SEU CASO, DO CONTRATO ASINADO CON “SON A TÚA AXUDA S.L” PARA A PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 19 de xullo de 2022 sobre **proposta da Alcaldía** asinada o día 6 de xullo de 2022, e que é do seguinte tenor literal:

“SEGUNDA PRÓRROGA, NO SEU CASO, DO CONTRATO ASINADO CON “SON A TÚA AXUDA, S.L.” PARA A PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA”.

O Pleno do Concello de Ribeira, en sesión celebrada na data 22/06/2020, acordou adxudicar o contrato para a prestación do “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA” á empresa “SON A TÚA AXUDA, S.L.” (CIF:B70398425).

O correspondente contrato formalizouse en documento administrativo na data 23/07/2020 para unha duración de un (1) ano contado a partir da data de inicio da prestación do servizo 01/08/2020.

Rexen nocontrato o Prego de prescricións técnicas e o Prego de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 23/08/2019.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/07/2022
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/07/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/07/2022 12:34:09

DOCUMENTO: 20220917531

Fecha: 29/07/2022

Hora: 12:33

CSV: 07E6000E001B00V9X1L1N11003



Mediante o decreto da alcaldía de data 15/10/2019 resolveuse admitir a trámite o escrito de alegacións presentado nadada 14/10/2019 (rexistro de entrada nº 14442) por José María Hernández de Andrés, en nome e representación da entidade Asociación Estatal de Entidades de Servicios de Atención a Domicilio, en relación coa aprobación dos Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexen a licitación.

A alcaldía por decreto número 201911/038 de data 06/11/2019 resolveu proceder a realizar unha nova publicación dos Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexen a licitación pública para a contratación do “Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ribeira”, una vez incorporadas ós mesmos as alegacións e suxerencias referidas no sentido de delimitar e acoutar o número de melloras a ofertarse (límite) nos termos que se indican no citado decreto.

O Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 26/07/2021 acordou “Conceder unha prórroga de un ano para a vixencia do contrato asinado coa empresa SON A TÚA AXUDA, S.L. (CIF:B70398425) para a prestación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA.”

De acordo coa cláusula B.b) do contrato, en relación coa cláusula sétima do Prego de cláusulas administrativas particulares, “O contrato terá unha duración de 1 ano prorrogable por sucesivos períodos iguais ata un máximo de 5. A prórroga será acordada expresamente polo órgano de contratación e será obrigatoria para a entidade adxudicataria, sempre que o seu preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato”.

Con data 31/03/2022 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, co número 5.967, un escrito asinado dixitalmente por Ventura Bretal Bazarra, en representación da empresa “Son a Túa Axuda, S.L.” solicitando a prórroga do contrato.

Con data 20/06/2022 a xefa de servizo do departamento de Servizos Sociais, María Francisca Vidal Regueira, emitiu informe favorable á prórroga do contrato solicitada pola empresa “Son a Túa Axuda, S.L.”

Con data 21/06/2022, o secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle emitiu informe favorable a aprobación da 2ª prórroga do contrato.

Con data 21/06/2022, o interventor municipal Pablo Bao Castro emitiu informe favorable de fiscalización previa e limitada.

Vistos os antecedentes citados,

PROPOÑO á COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS, PROMOCIÓN SOCIAL, SANIDADE E CONSUMO, que, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, emita ditame favorable sobre o seguinte:

Conceder unha segunda prórroga de un ano para a vixencia do contrato asinado coa empresa “SON A TÚA AXUDA, S.L.” (CIF:B70398425) para a prestación do “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA”.

O Alcalde.

Asdo./ Manuel Ruiz Rivas.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame e da proposta da Alcaldía, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 19 de xullo de 2022, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 9 PP

-VOTOS EN CONTRA: 0



-ABSTENCIÓNS: 11 (6 PBBI, 2 PS DE G-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría simple aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente sobre proposta da Alcaldía relativo a **SEGUNDA PRÓRROGA, NO SEU CASO, DO CONTRATO ASINADO CON “SON A TÚA AXUDA S.L.” PARA A PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA** e en consecuencia aproba:

ÚNICO:-Conceder unha segunda prórroga de un ano para a vixencia do contrato asinado coa empresa “SON A TÚA AXUDA, S.L.” (CIF:B70398425) para a prestación do “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA”.

(en deferencia ó punto asistente nestes intrés trátase o punto n 6 da Orde do día, tal como permite o artigo 109.4 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira)

6.-PROPOSICIÓN GM BNG PRESENTADA POR D. LUIS PÉREZ BARRAL PARA MELLORAR A ATENCIÓN PRIMARIA EN RIBEIRA.

Dase conta ao Pleno da Corproación dun ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 20 de xuño de 2022 sobre proposición do **GM** do **BNG** presentada por **D. Luis Pérez Barral**, o día 6 de xuño de 2022, rex de entrada nº 10533 e que é do seguinte tenor literal:

“Luis Antonio Pérez Barral, portavoz e concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ribeira, presento ante o Pleno da Corporación Municipal e ante o alcalde a seguinte proposición para mellorar a Atención Primaria en Ribeira.

Exposición de motivos

No ano 2020 o Parlamento galego apoiaba por unanimidade unha iniciativa do BNG para acabar coas listas de espera na atención primaria e presentar un plan de continxencia co obxectivo de garantir a asistencia tanto na atención primaria como na hospitalaria. Un acordo que propoñía reactivar as consultas presenciais na atención primaria apostando polo persoal e por medidas de prevención para garantir unha atención sanitaria digna á poboación.

En febreiro de 2021, diante da grave carencia de persoal sanitario e administrativo no centro de saúde de Ribeira e das mobilizacións dos profesionais, o Parlamento galego aprobaba por unanimidade a iniciativa do BNG para paliar a falta de profesionais no devandito centro, un dos máis afectados naquel momento. Tamén esta corporación Municipal se pronunciaba a favor da iniciativa do BNG na se lle esixía á Consellaría de Sanidade cubrir todo o persoal no centro de saúde ribeirense.

A pesar deste e doutros acordos tomados a nivel parlamentar, a día de hoxe a Xunta dista moito de estar poñendo os medios necesarios para solucionar a grave situación da atención primaria en Galiza, a comezar pola forte presión que viven os seus profesionais por mor da carga asistencial, a precariedade, a falla de medios e a descoordinación, que continúan a ser impedimento para garantir a saúde dos usuarios e usuarias e deterioran cada vez máis o propio sistema sanitario.

O centro de saúde de Ribeira atende a unha poboación de 20522 persoas e debería contar cun total de 14 facultativos -9 pola mañá e 5 pola tarde- pero só ten traballando 8 facultativos neste momento, quedando 6 prazas sen cubrir. A isto temos que sumarlle que hai catro prazas de pediatra nas que adoita haber algunha praza sen cubrir e mesmo teñen que atender crianzas doutros concellos.

No ano 2021 xa lles comentabamos que o centro tamén era deficitario en persoal de servizos xerais e persoal de enfermería, cuestión que impedía atender coa calidade debida a carga de traballo existente. Outro dos problemas que aínda está lonxe de resolver é a falla de espazo dun edificio que se queda obsoleto para a poboación á que debe atender e que as autoridades locais prometeran xa hai tempo amplialo sen que ata o de agora se teña efectivizado tal promesa.



A situación de colapso que vive a Atención Primaria no concello de Ribeira empeora por momentos debido á situación que padece o consultorio de Palmeira. Este centro conta cun médico que está de baixa desde hai máis dun mes e que era substituído por outros profesionais desprazados desde Ribeira pero, como a carencia no centro de saúde de Ribeira é alarmante, tiveron que cancelar as substitucións provocando, na práctica, que Palmeira careza deste servizo.

Os recortes e a redución do gasto público feitas polo goberno galego nos últimos once anos está provocando que o sistema sanitario galego estea ao borde do colapso e a situación que se vive no centro de saúde de Ribeira ou de Palmeira son un exemplo extremo da desidia das autoridades sanitarias e das consecuencias que implica para os seus profesionais e, sobre todo, para os seus usuarios e usuarias.

A Consellería de Sanidade non avanzou o máis mínimo nas medidas acordadas o que implica poñer en risco de colapso á sanidade pública galega. Ese desleixo para mellorar a Atención Primaria ten consecuencias devastadoras para a poboación que padece as demoras na atención de varios días e mesmo semanas, atención telefónica deficitaria, cambios de facultativo recorrentes, cancelación de citas, crianzas atendidas por médicos de familia xa saturados por falta de especialistas en pediatría ou xornadas de traballo inasumíbeis e mesmo momentos onde o facultativo ten que saír a atender urxencias e o centro queda desatendido.

Diante deste colapso, do empeoramento da asistencia que se presta e que só se suple coa voluntariedade e a adicación do persoal, as autoridades sanitarias continúan coa descoordinación, a falla de previsión e a falla de dotación de persoal que permita unha atención sanitaria digna á poboación.

Malia os acordos acadados no Parlamento de Galiza e no Concello de Ribeira, a Consellería de Sanidade oponse a aplicar as melloras que se lle piden. Entendemos que o alcalde de Ribeira debería deixar de defender os intereses do Partido Popular e levantar a voz ante esta situación que, lonxe de ir a mellor, empeoraron de maneira substancial e non observamos o reforzo do cadro de persoal que permita paliar os problemas existentes.

Por todos estes motivos, o BNG, demanda do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

- 1. O Concello de Ribeira insta á Xunta de Galiza a cubrir as prazas vacantes e as baixas do persoal sanitario -nomeadamente as de medicina de familia, pediatría e enfermería- dos centros de saúde de Ribeira e Palmeira repoñendo, polo tanto, a totalidade do número de prazas asignadas na actualidade a estes centros.*
- 2. O Concello de Ribeira insta á Xunta de Galiza a levar a cabo as substitucións de calquera membro -sanitario e non sanitario- do cadro de persoal dos mencionados centros en canto se produzan.*
- 3. O Concello de Ribeira insta á Xunta de Galiza Dar cumprimento ao acordo unánime da Comisión de Sanidade do Parlamento de Galiza do 11 de febreiro de 2021, relativo ás carencias de persoal e de espazo no centro de saúde de Ribeira.*
- 4. Dar conta deste acordo aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.*

*Ribeira, xuño de 2022
Luís Antonio Pérez Barral
Portavoz do BNG."*

Asemade dase conta dunha **emenda de adición do GM do PP** presentada por Dna. María José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

Emenda de adición:



5.- Sumarnos ás demandas da Xunta de Galicia e reclamar ao Goberno do Estado que tome no ámbito das súas competencias medidas conducentes a solucionar o déficit de profesionais sanitarios, tales como: garantir que o sistema de elección de prazas MIR non deixe prazas desertas; reclamar o recoñecemento da especialidade de urxencias e emerxencias; revisar a normativa dos requisitos de acreditación de unidades docentes; convocar prazas MIR extraordinarias na especialidade de medicina familiar e comunitaria; e continuar coa demanda ao Ministerio de Sanidade da creación do Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios, algo que está comprometido dende o ano 2018.

6.- (“in voce”: Demandar ao Estado a transferencia a favor da Xunta de Galicia a selección e xestión das prazas MIR)

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame sobre proposición do **GM** do **BNG**, así como da **emenda de adición do GM do PP** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 20 de xuño de 2022, **previa aceptación da emenda de adición do GM do PP**, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre proposición do **GM** do **BNG**, **previa aceptación da emenda de adición do GM do PP**, relativo a **MELLORAR A ATENCIÓN PRIMARIA EN RIBEIRA** e en consecuencia aproba:

Primeiro:-O Concello de Ribeira insta á Xunta de Galiza a cubrir as prazas vacantes e as baixas do persoal sanitario -nomeadamente as de medicina de familia, pediatría e enfermería- dos centros de saúde de Ribeira e Palmeira repoñendo, polo tanto, a totalidade do número de prazas asignadas na actualidade a estes centros.

Segundo:-O Concello de Ribeira insta á Xunta de Galiza a levar a cabo as substitucións de calquera membro -sanitario e non sanitario- do cadro de persoal dos mencionados centros en canto se produzan.

Terceiro:-O Concello de Ribeira insta á Xunta de Galiza Dar cumprimento ao acordo unánime da Comisión de Sanidade do Parlamento de Galiza do 11 de febreiro de 2021, relativo ás carencias de persoal e de espazo no centro de saúde de Ribeira.

Cuarto:-Dar conta deste acordo aos grupos parlamentaras do Parlamento de Galiza.

Quinto:-Sumarnos ás demandas da Xunta de Galicia e reclamar ao Goberno do Estado que tome no ámbito das súas competencias medidas conducentes a solucionar o déficit de profesionais sanitarios, tales como: garantir que o sistema de elección de prazas MIR non deixe prazas desertas; reclamar o recoñecemento da especialidade de urxencias e emerxencias; revisar a normativa dos requisitos de acreditación de unidades docentes; convocar prazas MIR extraordinarias na especialidade de medicina familiar e comunitaria; e continuar coa demanda ao Ministerio de Sanidade da creación do Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios, algo que está comprometido dende o ano 2018.



Sexto:-Demandar ao Estado a transferencia a favor da Xunta de Galicia a selección e xestión das prazas MIR)

(continuase con desenvolvemento normal da Orde do día)

3.- EXPEDIENTE DE MUTACIÓN DEMANIAL OBXECTIVA OU CAMBIO DE DESTINO DO INMOBLE “LOCAL DA XEFATURA DE POLICÍA NACIONAL”, SITO NA RÚA MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA

Dase conta dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de xullo de 2022 sobre proposta de Alcaldía asinada o día 12 de xullo de 2022 e que é do seguinte tenor literal:

“CONSIDERANDO que o Concello de Ribeira é titular do inmoble que consta no Inventario de Bens, coa ficha número 11-19, denominado **“LOCAL DA XEFATURA DE POLICÍA NACIONAL”**, sito na Rúa Miguel Rodríguez Bautista, coa referencia catastral 0718001NH0101N0001YF, e cuxos lindeiros son: Norte, Rúa Canarias; Sur e Este, parcela “Grupo Escolar de Ribeira”, e Oeste, Rúa Miguel Rodríguez Bautista.

O citado inmoble atópase inscrito coa natureza de servizo público, e uso de oficinas.

CONSIDERANDO que por Providencia da Alcaldía de data 11/10/2021, procedeuse a iniciar expediente de mutación demanial ou cambio de destino do citado inmoble, para destinalo á prestación do servizo público docente, ser perda da súa natureza xurídica.

CONSIDERANDO que consta no expediente a seguinte documentación:

- Certificado emitido polo secretario xeral da Corporación na data 17/01/2022 de que o inmoble está incluído no inventario de bens municipal.
- Memoria xustificativa da oportunidade e legalidade asinada polo Alcalde na data 17/01/2022.
- Acta de entrega do referido inmoble realizada na data 6/7/2022 pola Dirección Xeral da Policía.

CONSIDERANDO que en cumprimento dos artigos 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais e 269.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o expediente foi sometido a información pública por un prazo de un (1) mes, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 205 de data 27/10/2021 e exposto no Taboleiro de Anuncios do Concello dende a data 27/10/2021 ata a súa retirada na data 01/12/2021. Así consta en certificación emitida polo Secretario Xeral na data 01/12/2021, na que tamén se fai constar que no período de presentación de reclamacións e suxerencias, non aparecen, no Rexistro Xeral desta Administración, reclamacións, observacións ou reparos.

CONSIDERANDO que consta informe-proposta de data 12 de xullo de 2022 asinada pola Técnico de Administración Xeral adscrita ó Departamento de Secretaría e Servizos Xerais, Dña. María Siera Ríos.

CONSIDERANDO que consta igualmente informe asinado con data 12 de xullo de 2022 polo secretario xeral da Corporación D. Juan Manuel Salguero del Valle.

VISTOS os trámites efectuados ata a data, proponse á Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas que, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón proceda á emisión do seguinte ditame, para a súa posterior aprobación, no seu caso, polo Pleno da Corporación.

PROPOSTA DE DITAME-ACORDO



PRIMEIRO.- Aprobar a mutación demanial obxectiva do ben inmovible denominado “LOCAL DA XEFATURA DE POLICÍA NACIONAL”, sito na Rúa Miguel Rodríguez Bautista, coa referencia catastral 0718001NH0101N0001YF, consistente no cambio de destino do uso de oficinas polo de uso docente, manténdose, polo tanto o seu carácter demanial; e isto polos motivos anteriormente expostos que se teñen aquí por reproducidos a todos os seus efectos.

SEGUNDO.- Realiza-la oportuna anotación no Inventario municipal de bens e dereitos

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posibel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Ribeira, na data da súa sinatura dixital.
O alcalde-presidente

Asdo. Manuel Ruiz Rivas

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame e da proposta da Alcaldía, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de xullo de 2022, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 18 (8 PP, 6 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 1 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 3 (Sra Rivadulla Márquez-BNG; Sr.González Regueira-PBBI e Sra. Pereira Ageitos-PP-, ausentes no momento da votación. Art. 100 ROF)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros presentes **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas sobre **EXPEDIENTE DE MUTACIÓN DEMANIAL OBXECTIVA OU CAMBIO DE DESTINO DO INMOBLE “LOCAL DA XEFATURA DE POLICÍA NACIONAL”, SITO NA RÚA MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA**, e en consecuencia aproba:

PRIMEIRO.- Aprobar a mutación demanial obxectiva do ben inmovible denominado “LOCAL DA XEFATURA DE POLICÍA NACIONAL”, sito na Rúa Miguel Rodríguez Bautista, coa referencia catastral 0718001NH0101N0001YF, consistente no cambio de destino do uso de oficinas polo de uso docente, manténdose, polo tanto o seu carácter demanial; e isto polos motivos anteriormente expostos que se teñen aquí por reproducidos a todos os seus efectos.

SEGUNDO.- Realiza-la oportuna anotación no Inventario municipal de bens e dereitos

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posibel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

4.-RATIFICACIÓN CORRECCIÓN PROXECTOS POS 2022



Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dos Decretos de Alcaldía que se relacionan a continuación e dos que tivo coñecemento a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de xullo de 2022:

-“CONSTRUCCIÓN DE GRADA CUBERTA NO CAMPO DE FUTBOL DE HERBA ARTIFICIAL DE A FIEITEIRA

- EMENDA DAS DEFICIENCIAS ATOPADAS NO PROXECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE “HORTA DO CURA” E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO (PALMEIRA)”. 1º corrección.

EMENDA DAS DEFICIENCIAS ATOPADAS NO PROXECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE “HORTA DO CURA” E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO (PALMEIRA)”. 2º corrección.

1-“CONSTRUCCIÓN DE GRADA CUBERTA NO CAMPO DE FUTBOL DE HERBA ARTIFICIAL DE A FIEITEIRA

O Pleno do Concello de Ribeira en sesión extraordinaria celebrada o 09/02/2022, aprobou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”, os proxectos das obras a incluír no dito Plan, así como o Plan complementario.

Entre os proxectos aprobados figura o denominado “CONSTRUCCIÓN DE GRADA CUBERTA NO CAMPO DE FUTBOL DE HERBA ARTIFICIAL DE A FIEITEIRA”, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro 2022, cun orzamento total de 247.483,34euros (IVE 21% incluído) e corrixido na data maio 2022.

Vista a “Comunicación ao concello sobre a documentación presentada na convocatoria POS+OBRAS/2022” para a corrección de deficiencias atopadas no citado proxecto, remitido pola Deputación Provincial da Coruña a través da PLATAFORMA SUBTEL, que tivo entrada neste Concello na data 23/05/2022 (rexistrado co número 20229579), na que se recolle que “ (...) Memoria - O contido do estudo xeotécnico non se axusta as determinacións do apartado 3.3 do DB CTE SE-C. A información que contén é insuficiente para poder calcular a cimentación.

- Deberá xustificarse o cumprimento dos documentos do Código Técnico da Edificación que sexan de aplicación: DB-SE (xa xustificado no cálculo estrutural), DB-SUA e , se é o caso, DB-SI

Nomeadamente as escaleiras de acceso ás bancadas non cumpren as determinacións do apartado 4.2.1 do DB-SUA 1.

- O plan de control de calidade contén elementos que non son de aplicación ao presente proxecto (imprimación antioxidante da estrutura, espesores do sistema de protección contra o lume aplicado a estrutura). O plan de ensaios non se corresponde coa memoria do plan de control.

Orzamento

- A definición da partida E0502 non se corresponde coas características da unidade (páx. 279 e 429 do PDF)

- O nome e a definición da partida E07BHG070 non coinciden.

- A medición da altura do bloque frontal e traseira (0,40 e 1,75 m) chega só ata a cara inferior das vigas zancas, pero no caso en que se pretenda cerrar este espazo esta será maior (+0.6 e +1.05 respectivamente). Non está claro, xa que estes muros non están debuxados nos planos

Planos



- A disposición dos banzos das bancadas impide o desembarco das escaleiras de acceso."

Visto o novo proxecto redactado na data maio 2022 (asinado dixitalmente o 26/05/2022), no que se emendan as deficiencias observadas.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto corrixido para as obras de "CONSTUCIÓN DE GRADA CUBERTA NO CAMPO DE FUTBOL DE HERBA ARTIFICIAL DE A FIEITEIRA", redactado pola enxeñeira municipal, Uxia Landeira Pereira, na data maio 2022 (asinado dixitalmente o 26/05/2022), cun orzamento total de 247.483,34 euros (IVE 21% engadido)

SEGUNDO: Remitir á Deputación Provincial da Coruña, por medio da PLATAFORMA SUBTEL, un exemplar, debidamente corrixido, do mencionado proxecto para as obras "CONSTUCIÓN DE GRADA CUBERTA NO CAMPO DE FUTBOL DE HERBA ARTIFICIAL DE A FIEITEIRA", a efectos da súa inclusión no PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (Plan único de concellos) "POS+" 2022 COMPLEMENTARIO.

TERCEIRO: Ratificar este acordo no Pleno da Corporación na primeira Sesión, sexa ordinaria ou extraordinaria, que se celebre.

En Ribeira, á data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario

Juan Manuel Salguero del Valle

2.-DECRETO DE ALCALDÍA: EMENDA DAS DEFICIENCIAS ATOPADAS NO PROXECTO DENOMINADO "RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE "HORTA DO CURA" E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO (PALMEIRA)". 1º corrección.

O Pleno do Concello de Ribeira en sesión extraordinaria celebrada o 09/02/2022, aprobou participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"**, os proxectos das obras a incluír no dito Plan, así como o Plan complementario.

Entre os proxectos aprobados figura o denominado **"RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE "HORTA DO CURA" E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO (PALMEIRA)"**, redactado pola enxeñeira municipal Uxia Landeira Pereira na data xaneiro 2022, cun orzamento total de 139.480,55 euros (IVE 21% incluído)

Vista a "Comunicación ao concello sobre a documentación presentada na convocatoria POS+OBRASSUM/2022" para a corrección de deficiencias atopadas no citado proxecto, remitido pola Deputación Provincial da Coruña a través da PLATAFORMA SUBTEL, que tivo entrada neste Concello na data 05/04/2022 (rexistrado co número 20226364), na que se recolle que "(...) Memoria

- Deberá xustificarse o cumprimento do Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade en parques infantís.

- Deberá xustificarse adecuadamente o cumprimento da normativa vixente de accesibilidade1.

- O proxecto carece de estudo xeotécnico conforme ás esixencias do art. 233 da Lei 9/2017

- O proxecto carece de todo tipo de cálculos estruturais e de calculo das cimentacións.



- O proxecto carece de plan de control de calidade (o seu custo non pode estar incluído no proxecto conforme ao determinado polas bases do POS)

Prego e condicións técnicas

Deberá eliminarse toda referencia a cláusulas administrativas deste documento.

Pola contra, o prego non especifica condicións técnicas esenciais para o correcto desenvolvemento da obra, por exemplo características e condicións do galvanizado dos perfís de aceiro.

Orzamento

- O proxecto carece de cadro de prezo auxiliares (morteiros, aceiro para armar, cuadrillas de man de obra...)
- Os prezos descompostos do equipamento infantil deberán incluír todos os elementos necesarios (escavación, cimentacións, man de obra po oficios...)
- O prezo descomposto 3.01 ten un erro no prezo unitario do armado (m3 / m2)
- O espesor do pavimento do parque infantil debe quedar claramente definido en función da altura de caída.
- O novo pavimento de formigón do sendeiro peonil está construído directamente sobre o pavimento existente. Debe aclararse que ocorre coa cota de terminación. Ademais parece que sería conveniente a construción deste pavimento sobre un base granular.
- A descrición da partida das zapatas de 0,30x0,30 e das 0,70x0,70 especifica que é un formigón armado, pero no prezo descompostos falta o armado.
- No prezo descomposto da "viga perimetral" parece necesario incluír un encofrado.

Planos

Os planos de proxecto carecen do detalle necesario para que as obras queden perfectamente definidas:

- Detalles das unións aparafusadas da estrutura coherentes coas hipóteses de cálculo establecidas
- Detalles de unión dos elementos estruturais de pedra e os elementos de estrutura metálicos e de cimentación.
- As zapatas dos piares de pedra parecen insuficientes para instalar uns piares "empotrados".
- Os planos carecen de seccións. Estas son especialmente necesarias tendo en conta que o terreo ten bastante pendente. Para a ampliación do parque infantil parece que faise un pequeno desmonte. Os planos non aclaran como se resolve este desnivel (noiros? muro?)
- Os planos do parque carecen do cotas para o replanteo e o establecemento de perímetros de seguridade. O cumpio debuxado non se corresponde co especificado en medicións....
- Faltas detalles de pavimentos, bordillos, barandilla...

En conclusión, deberá presentarse un proxecto completo e con coherencia entre os seus distintos documentos".

Visto o novo proxecto redactado na data maio 2022, no que se emendan as deficiencias observadas.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto corrixido para as obras de "RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE "HORTA DO CURA" E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO (PALMEIRA)", redactado pola enxeñeira municipal, Uxía Landeira Pereira, na data maio 2022, cun orzamento total de 139.480,55 euros (IVE 21% engadido).



SEGUNDO: Remitir á Deputación Provincial da Coruña, por medio da PLATAFORMA SUBTEL, un exemplar, debidamente corrixido, do mencionado proxecto para as obras “RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE “HORTA DO CURA” E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO (PALMEIRA)”, a efectos da súa inclusión no PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (Plan único de concellos) “POS+” 2022 COMPLEMENTARIO.

TERCEIRO: Ratificar este acordo no Pleno da Corporación na primeira Sesión, sexa ordinaria ou extraordinaria, que se celebre.

En Ribeira, á data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario

Juan Manuel Salguero del Valle

3.-DECRETO DE ALCALDÍA: EMENDA DAS DEFICIENCIAS ATOPADAS NO PROXECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE “HORTA DO CURA” E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO (PALMEIRA)” 2º Corrección

O Pleno do Concello de Ribeira en sesión extraordinaria celebrada o 09/02/2022, aprobou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”, os proxectos das obras a incluír no dito Plan, así como o Plan complementario.

Entre os proxectos aprobados figura o denominado “RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE “HORTA DO CURA” E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO (PALMEIRA)”, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro 2022, cun orzamento total de 139.480,55 euros (IVE 21% incluído)

Vista a “Comunicación ao concello sobre a documentación presentada na convocatoria POS+OBRASSUM/2022” para a corrección de deficiencias atopadas no citado proxecto, remitido pola Deputación Provincial da Coruña a través da PLATAFORMA SUBTEL, que tivo entrada neste Concello na data 02/06/2022 (rexistrado co número 202210249), na que se recolle que “ (...) **PROXECTO OU PREGO:**

- O proxecto correspondente a este investimento foi supervisado novamente polos Servizos Técnicos desta Deputación, emitíndose o 1 de xuño de 2022 un informe **desfavorable** que se transcribe a continuación: “Examinado o proxecto en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; art. 6 do CTE aprobado por Real Decreto 314/2006; demais concordante), emítese INFORME DESFAVORABLE por considerar que, para cumprir cos requisitos esixidos, deben ser corrixidas as seguintes deficiencias: A estrutura metálica esta descrita no orzamento como galvanizada e aparafusada, mentres que nos planos e na memoria aparece descrita como soldada e pintada. Deberá emendarse sta discrepancia”.

Visto o novo proxecto redactado na data xuño 2022, no que se emendan as deficiencias observadas.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto corrixido para as obras de “RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE “HORTA DO CURA” E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO (PALMEIRA)”, redactado pola enxeñeira municipal, Uxía Landeira Pereira, na data xuño 2022, cun orzamento total de 139.480,55 euros (IVE 21% engadido).

SEGUNDO: Remitir á Deputación Provincial da Coruña, por medio da PLATAFORMA SUBTEL, un exemplar, debidamente corrixido, do mencionado proxecto para as obras “RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE “HORTA DO CURA” E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DO



ENTORNO (PALMEIRA)”, a efectos da súa inclusión no PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (Plan único de concellos) “POS+” 2022 COMPLEMENTARIO.

TERCEIRO: Ratificar este acordo no Pleno da Corporación na primeira Sesión, sexa ordinaria ou extraordinaria, que se celebre.

En Ribeira, á data da sinatura dixital

A Alcaldesa en funcións

M^a José Sampedro Fernandez

Dou fe, o secretario

Juan Manuel Salguero del Valle

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido dos Decretos, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria a ratificación dos mesmos, según ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de xullo de 2022, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 19 (9PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 2 BNG

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros presentes **aprobala ratificación da corrección dos DECRETOS DA ALCALDÍA TRANSCRITOS RELATIVOS AO POS 2022**, según ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de xullo de 2022, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

5.-MODIFICACIÓN ORDENANZA PREZO PÚBLICO ESCOLA INFANTIL.

Dase conta dun ditame a Comisión Informativa de Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de xullo de 2022 sobre a base dunha proposta da Alcaldía asinada o día 14 de xullo de 2022 que é do seguinte tenor literal:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Considerando a providencia de Alcaldía de data 14 de xullo do presente ano, polo que se ordea o inicio de expediente de modificación da ordenanza reguladora do prezo público por prestación do servizo público do centro de atención á primeira infancia do concello de Ribeira.

Logo de ver o informe desfavorable de tesouraría e intervención municipal e da secretaría que constan no expediente.



Tendo en conta a necesidade de que a bonificación prevista na ordenanza entre en vigor o antes posible en favor dos usuarios da Escola infantil e tendo en conta o retraso provocado na tramitación pola indefinición da Xunta de Galicia, que a data de hoxe non dou aprobado a Orde de subvención para compensar aos concellos polas contías deixadas de percibir pola entrada en vigor desta bonificación.

O Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira, conforme ó disposto no artigo 49 da Lei reguladora das bases do réxime local, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobado inicialmente a modificación da ordenanza reguladora do prezo público por prestación do servizo público do centro de atención á primeira infancia do concello de Ribeira, segundo a seguinte redacción:

“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO CENTRO DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA DO CONCELLO DE RIBEIRA

O artigo 3 da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 3.– Contías.

1. Establécense as seguintes contías para o prezo público:

A) ASISTENCIA REGULAR AO CENTRO – CONTÍA MENSUAL

Nº TARIFA	RENTA PER CÁPITA MENSUAL	XORNADA COMPLETA	MEDIA XORNADA
T-7	inferior ao 50% IPREM	0,00 €	0,00 €
T-6	>= 50 % e < 75% IPREM	34,91 €	17,46 €
T-5	>= 75% e < 100% IPREM	69,81 €	34,91 €
T-4	>= 100% e < 125% IPREM	112,13 €	56,07 €
T-3	>= 125% e < 150% IPREM	133,29 €	66,65 €
T-2	>= 150% e < 200% IPREM	147,05 €	73,53 €
T-1	>= 200% IPREM	169,26 €	84,63 €

B) ASISTENCIA AMPLIADA AO CENTRO

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual por cada hora en que se incremente o horario de atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20,44 €.

C) ASISTENCIA PUNTUAL AO CENTRO



No caso de asistencia puntual de nenos á escola infantil municipal, establécese unha tarifa de 3,07 € por hora.

D) SERVICIO DE COMEDOR

Nº TARIFA	XANTAR – CONTÍA MENSUAL	ALMORZO CONTÍA MENSUAL	MERENDA CONTÍA MENSUAL
1	71,54 €	22,48 €	22,48 €

No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente, e por motivos xustificadas, desexen utilizar o servizo algún día solto, o prezo será de 4,09 €/día no caso de XANTAR, 2,04 €/día no caso de ALMORZO e 2,04 €/día no caso de MERENDA.

2. Enténdese por renda per cápita mensual familiar o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar, o cociente resultante de dividir entre 12 a suma dos ingresos totais da unidade familiar.
3. Enténdese por unidade familiar a formada polos cónxuxes (ou persoas vinculadas por relación afectiva análoga) e fillos menores de dezoito anos ou fillos maiores de dezoito anos cunha minusvalía superior ó 33%. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per cápita a que se refire o parágrafo anterior, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. A determinación dos membros da unidade familiar e os seus ingresos farase atendendo á situación existente a 31 de decembro do ano anterior.
4. Para os efectos desta Ordenanza, ten a consideración de ingresos da unidade familiar a suma da parte xeral máis a parte especial da base imponible previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas de todos os membros da unidade familiar que obtivesen alguna clase de ingreso. Para as persoas non obrigadas a declarar obtense o importe das seguintes contías de imputacións de rendas declaradas por terceiros: Rendementos integros do traballo + Rendementos do capital mobiliario + Ganancias patrimoniais sometidas a retención - Gastos deducibles de rendementos do traballo.

O artigo 6 da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 6.- REDUCIÓN

1. Sobre o prezo que resulte de aplicar as contías previstas no artigo 3 da Ordenanza, aplicaranse os seguintes descontos:
 - a. Descontos nas contías de Asistencia regular ao centro previstas no artigo 3.1 A) desta ordenanza:
 - i. De conformidade co previsto na Disposición adicional novena da lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, outorgarase unha redución do 100 por cento.



- b. *Cando por circunstancias sobrevidas, o menor ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, as cotas mensuais que corresponda pagar polo dito mes terán un desconto do 50 por cento.*
- c. *Cando por causas imputables ao centro (calendario escolar ou calquera outra), o servizo deixara de ser prestado durante un período de cando menos 15 días dentro do mesmo mes, as contías mensuais a aboar experimentarán, na mensualidade correspondente, unha minoración do 50%.*
2. *Non terán dereito a redución algunha aqueles usuarios que non asistan ao servizo durante un período continuado de 15 días sen xustificar.*

O artigo 7 da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 7.- OBRIGA DE PAGAMENTO E PERIODO IMPOSITIVO

1. *O período impositivo das contías do prezo público desta ordenanza previstas será o mes natural, producíndose o nacemento da obriga de pago o día 1 de cada mes, agás no suposto de utilización do servizo de asistencia ou comedor por días soltos, no que a obriga de pago nacerá no momento da utilización do servizo.*
2. *O desistimento ou falta de asistencia dos usuarios ao servizo non suporá redución nin exención da obriga de pagamento mentres non se formalice a baixa correspondente por escrito ante o rexistro municipal e causará efectos no período impositivo seguinte, non procedendo a devolución do ingresado con anterioridade á data de comunicación da baixa.*

O artigo 8 da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 8.- NORMAS DE XESTIÓN

1. *O importe das cotas a pagar para cada obrigado determinarase pola resolución de Alcaldía, que de acordo co regulamento do servizo, aprobe a relación definitiva de admitidos na Escola Infantil cada curso escolar ou de altas sobrevidas.*
2. *Con todo, as tarifas inicialmente establecidas poderán ser obxecto de revisión segundo os termos do artigo 4.*
3. *O cobro das tarifas do prezo público xestionarase a partires dun padrón constituído polos recibos comprensivos dos obrigados ao pago, usuarios, contías e bonificacións aplicables, o cal será aprobado mensualmente nos dez primeiros días do mes natural seguinte a que corresponda o período impositivo pola Alcaldía-Presidencia, publicándose anuncio de notificación colectiva no Boletín oficial da provincia de A Coruña.*
4. *O período ordinario de pago será de trinta días naturais dende a aprobación e publicación do correspondente padrón, transcorrido o cal, as contías devindicadas e non pagadas serán esixidas mediante o procedemento de constrinximento.*
5. *O medio de pago ordinario será o de domiciliación bancaria nas contas sinaladas polos obrigados ao pago, producíndose o cargo dentro dos dez primeiros días dende a aprobación do Padrón correspondente.*

DISPOSICIÓN FINAL



A presente ordenanza entrará en vigor cando unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da corporación e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia, teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, tendo efecto en todo caso as reducións previstas no artigo 6 a partires do 1 de setembro de 2022.”

2º) Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobado.

O Alcalde-Presidente, asinado dixitalmente

Manuel Ruiz Rivas”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de xullo de 2022, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade aprobado** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas sobre **MODIFICACIÓN ORDENANZA PREZO PÚBLICO ESCOLA INFANTIL**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

(nestes intre, sendo as 22.00 h, ao abeiro do artigo 113.6 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira acórdase unha pausa para descanso por un período de trinta minutos, reanudándose o pleno, en consecuencia, ás 22.30 h)

7.-PROPOSICIÓN GM PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ PARA REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE VIAL DE EVACUACIÓN DO HOSPITAL DO BARBANZA SOBRE O RECORRIDO DO ACUAL CAMIÑO VECIÑAL DA FRAGA 9002. SAN MARTÍÑO.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente data 20 de xuño de 2022 sobre proposición do **GM do Ps de G-Psoe** presentada por **D. José Manuel Vilas Álvarez** o día 9 de xuño de 2022 (rex entr. nº 10761), e que é do seguinte tenor literal:

“José Manuel Vilas Álvarez, con DNI: 76515570K, Portavoz do Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, presenta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira, ao abeiro do disposto no artigo 116.1.c) do Regulamento Orgánico Municipal, a seguinte PROPOSICIÓN, EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ribeira nesta lexislatura, a través desta Corporación Municipal, sigue abordando o cambio de paradigma da cidade, con proxectos como Accesibilidade Universal, PMUS,



Humanización, co fin de recuperar o espazo urbán para as persoas; ou como a Circunvalación, novo Polígono Industrial, Estación Intermodal, Liña de tren cercanías, e así, dotar a nova cidade de infraestruturas necesarias e fundamentais.

"O pasado día 26 de maio os bombeiros de Ribeira colaboraron na posta a punto dun plan de prevención e evacuación do hospital da Barbanza (A actualización de protocolos ven motivada pola irrupción da pandemia do coronavirus). Na actuación comprobouse que nos días de moita afluencia de usuarios, hai dificultades para poder acceder a instalación, de ahí que se esté traballando en resolver esta cuestión. No caso dun incendio, cunha autoescaleira, os bombeiros confirmaron que poden acceder ao edificio sen problemas.

Foi un simulacro, pero sirveu para obter importantes conclusións para actuar si algunha vez ocorre algo real, e poñer en marcha o plan de autoprotección do complexo hospitalario. Corroboraron a dificultade de intervir nas proximidades de Urxencias, polo tráfico denso das ambulancias."

<<Un hipotético caso dun incidente de múltiples vítimas (IMV), afortunadamente infrecuentes, entendido como a situación de urxencia sanitaria, na que hai unha desproporción entre as necesidades de atención as vítimas, ea capacidade do dispositivo asistencial habitual, podría considerarse como a proba máis complexa a que pode ser sometido un sistema de emerxencias no seu conxunto.

Os Servizos de Emerxencias Médicas extrahospitalarios (SEM) deben contar con estratexias organizativas que permitan asegurar que o personal dispoña das competencias necesarias para manexar ditas situacións de IMV, que cando suceden significan unha auténtica proba de estrés para o sistema.

As situacións de IMV, están relacionadas coas catástrofes, desastres; e tamén coa estratexia organizativa, lóxística sanitaria, control do escenario, ea evacuación.>>

A necesidade no control do escenario do recinto hospitalario, quedou patente no pasado Pleno Ordinario do 30.05.2022, coa aprobación da proposición da Dotación ao Hospital da Barbanza de áreas de estacionamento.

Pois ben, desde o Grupo Municipal PSdeG-PSOE de Ribeira, pensamos que é o momento de pensar en algo que nos compete, na evacuación.

E aquí evidenciamos as dificultades de comunicación no acceso/saída do complexo sanitario, concretamente nas dúas curvas das Canles, cando coincides cos autobuses, ou vehículos longos, o que conleva retencións e problemas na circulación do tráfico rodado.

Dentro desas prioridades en infraestruturas fundamentais, das que falabamos ao principio, estaría unha Vía de Evacuación do Hospital da Barbanza, de fácil execución, e que daría una resposta rápida e axeitada as necesidades do transporte sanitario de urxencias, agás de aforrar tempo no desprazamento por carretera, ao comunicar directamente coa AC-302 mediante o Camiño Veciñal da Fraga 9002, nunha lonxitude duns 800 metros, o que desconxestionaría a vía de acceso principal 9006, e crearía un beneficioso recorrido de entrada/saída.

Dita infraestrutura, podría encadrarse nas CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONES PARA LA FINANCIACIÓN DE PROYECTOS INNOVADORES PARA LA TRANSFORMACIÓN TERRITORIAL Y LA LUCHA CONTRA LA DESPOBLACIÓN.2022. BOE 04.05.2022, do Ministerio para a Transición Ecolóxica eo Reto Demográfico, xa que o noso entender cumpre cos requisitos da Convocatoria na Modalidade A. Achego o enlace:

<https://www.boe.es/boe/dias/2021/12/04pdfs/BOE-A-2021-20096.pdf>

Convocatoria Modalidade A. Orde 25 marzo 2022 (BOE, 04.05.2022)

Base de Datos Nacional de Subvenciones (hacienda.gob.es)

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, insta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira á adopción do seguinte, ACORDO:





1.- Realización dun proxecto de Vial de Evacuación do Hospital da Barbanza, sobre o recorrido do actual Camiño Veciñal da Fraga 9002. San Martiño.

2.- Presentar dito proxecto a Convocatoria de Subvención para la financiación de proyectos innovadores para la Transformación Territorial y la lucha contra la Despoblación.2022 . BOE 04.05.2022 do Ministerio para a Transición Ecolóxica eo Reto Demográfico, na Modalidade A.

Ribeira, 10 de xuño do 2022

Asdo. José Manuel Vilas Álvarez.





Pola Alcaldía en nome do **GM do PP** preséntase “*in voce*” a seguinte **emenda de substitución ó segundo punto** da proposición dado que a liña de subvencións á que se fai referencia xa está pechada:

2.-*Buscar fontes de financiación a través de calquera liña de subvención que se convoque*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame sobre proposición do **GM do Ps de G-Psoe**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **archivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente



de data 20 de xuño de 2022, *previa aceptación da emenda de substitución do segundo punto*, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (9PP, 2 Ps de G-Psoe)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 10 (2 BNG, 7 PBBI 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por *maioría absoluta aprobalo* ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente sobre proposición do **GM do Ps de G-Psoe** relativo a **REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE VIAL DE EVACUACIÓN DO HOSPITAL DO BARBANZA SOBRE O RECORRIDO DO ACUAL CAMIÑO VECIÑAL DA FRAGA 9002. SAN MARTIÑO** e en consecuencia aproba:

Primeiro:-Realización dun proxecto de Vial de Evacuación do Hospital da Barbanza, sobre o recorrido do actual Camiño Veciñal da Fraga 9002. San Martiño

Segundo:-Buscar fontes de financiación a través de calquera liña de subvención que se convoque.

8.-PROPOSICIÓN GM PBBI PRESENTADA POR D. VICENTE MARIÑO DE BRICIO PARA PAVIMENTAR CON ASFALTO U OTRO MATERIAL CONSISTENTE O CAMIÑO SEN SAÍDA NA RÚA DA CAPELA, ASÍ COMO QUE SE APLIQUE UNA NOVA CAPA DE ASFALTO NO VIAL CENTRAL DA DEVANDITA RÚA.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente data 20 de xuño de 2022 sobre proposición do **GM** do **PBBI** presentada por **D. Vicente Mariño de Bricio** o día 11 de xuño de 2022 (rex entr. nº 10930), e que é do seguinte tenor literal:

Vicente Mariño de Bricio, con DNI 52.456.748-G, en calidad de concejal y portavoz del grupo municipal del Partido Barbanza Independiente (PBBI), presenta al pleno de la corporación municipal de Ribeira, al amparo de lo dispuesto en el apartado c del artículo 116.1 del Reglamento Orgánico Municipal, la siguiente moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Numerosos vecinos de la parroquia de Carreira nos han manifestado su malestar por el estado en el que se encuentra el pavimento de Rúa da Capela, concretamente el callejón sin salida que se encuentra entre la Capilla de la Guía y los locales de hostelería de la zona (adjuntamos fotografía: RUA DA CAPELA).

Es un camino que como muchos vecinos recalcan “Lleva desde el año 1994 en la misma situación”. El único movimiento en ese vial se dio unos meses antes de las elecciones municipales de 2019, cuando el gobierno local mandó al equipo de obras a reponer el pavimento deteriorado, únicamente parcheando con asfalto ciertos socavones.

Esta actuación, según señalan sus usuarios, no ha servido para solucionar el problema, de hecho, lo agravó todavía más, ya que el material utilizado se levantaba debido a que estaba mal aplicado. Es una solución rápida que se utiliza mucho en esta y otras parroquias, pero que a los vecinos no le beneficia, ya que se aplica cemento por encima de cemento. (adjuntamos fotografías: CARREIRA 1,2,3,4)



Además de esta petición, también informaron al Partido Barbanza Independiente, PBBI, de la situación en la que se encuentra el pavimento del vial central de Rua da Capela, que discurre desde el colegio de la parroquia hasta la Capilla de La Guía.

Es una calle muy transitada diariamente y que actualmente está llena de baches y deficiencias estructurales, que provocan que los vecinos tengan problemas tanto con sus vehículos como de accesibilidad en dicha zona.

Consideran que ambas actuaciones son necesarias, pues este hecho repercute negativamente en el día a día de los vecinos y visitantes de la parroquia de Carreira.

En virtud de todo lo expuesto, el grupo municipal del Partido Barbanza Independiente (PBBI) insta al pleno de la corporación municipal de Ribeira a la adopción de los siguientes.

ACUERDOS:

1 – Instar al Concello de Ribeira a pavimentar con asfalto, u otro material consistente, todo el ancho del camino sin salida de la denominada Rúa da Capela.

2 – Instar al Concello de Ribeira a que aplique una nueva capa de asfalto en el vial central de Rúa da Capela, desde el colegio hasta la iglesia de dicha parroquia.

*Vicente Mariño de Bricio
Ribeira, a 9 de junio de 2022*

FOTOGRAFÍAS





CSV: 07E6000E001B00V9X1L1N1I003

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/07/2022
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/07/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/07/2022 12:34:09

DOCUMENTO: 20220917531

Fecha: 29/07/2022

Hora: 12:33





Asemade dase conta dunha **emenda de substitución do GM do PP** presentada por Dna. María José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

Emenda de substitución:

ÚNICO.- Existindo o compromiso do Concello para a realización desta actuación e estando valorada en 8.000 euros, se inclúa na próxima modificación orzamentaria para a súa execución pola Brigada Municipal de Obras.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame sobre proposición do **GM do PBBI**, así como da **emenda de substitución do GM do PP** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **archivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria en primeiro lugar e **emenda de substitución do GM do PP** en cumprimento do disposto no artigo 116 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira ,co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 9 PP

-VOTOS EN CONTRA: 10 (7 PBBI, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-ABSTENCIONES: 2 PS DE G-PSOE



En consecuencia o Pleno da Corporación **rexecta por maioría simple** a **emenda de substitución do GM do PP**, procedéndose á votación ordinaria do ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 20 de xuño de 2022, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 12 (7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 9 PP

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente sobre proposición do **GM** do **PBBI** relativo a **PAVIMENTAR CON ASFALTO U OTRO MATERIAL CONSISTENTE O CAMIÑO SEN SAÍDA NA RÚA DA CAPELA, ASÍ COMO QUE SE APLIQUE UNA NOVA CAPA DE ASFALTO NO VIAL CENTRAL DA DEVANDITA RÚA** e en consecuencia aproba:

Primeiro:-Instar al Concello de Ribeira a pavimentar con asfalto, u otro material consistente, todo el ancho del camino sin salida de la denominada Rúa da Capela.

Segundo:-Instar al Concello de Ribeira a que aplique una nueva capa de asfalto en el vial central de Rúa da Capela, desde el colegio hasta la iglesia de dicha parroquia.

9.-PROPOSICIÓN GM MIXTO-SUMA RIBEIRA PRESENTADA POR D. XURXO FERRÓN VIDÁN PARA SUPRESIÓN DE CONSTRUCCION OBSOLETAS DE TELEFONÍA E ELECTRICIDADE.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente data 20 de xuño de 2022 sobre proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira** presentada por **D. Xurxo Ferrón Vidán** o día 12 de xuño de 2022 (rex entr. nº 10937), e que é do seguinte tenor literal:

Xurxo Ferrón Vidán, concelleiro de SumaRibeira dirixese ao Alcalde e Corporación Municipal para que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno municipal a Proposición seguinte:

Construcións obsoletas de telefonía e electricidade

Son moitas as contribucións ao feísmo urbanístico que proliferaron ao longo de todo o noso concello nos últimos decenios

- *Edificios inspirados exclusivamente no enriquecemento das promotoras*
- *Permisividade, que en ocasións as veciñas consideraron e consideran selectiva, ante o incumprimento das normativas vixentes.*
- *Falla de sensibilidade e preocupación por unha mínima harmonía estética.*



É certo que algúns espantillos urbanísticos teñen difícil solución a curto e medio prazo, pero pensamos que nos últimos trinta e pico anos de gobernos municipais do PP (ou de AP), moi pouco se fixo á hora de executar solucións factibles que eliminasen ou paliasen algunhas desfeitas consolidadas na actualidade.

Conscientes da complexidade que requiren algunhas actuacións, e pensando que pode ter interese práctico e ilustrativo centrarse en casos concretos, queremos esta vez facer fincapé nalgúns elementos que pensamos que contribúen a afean o noso concello, e que cremos que é factible erradicar ou diminuír notablemente a moi negativa intrusión que supoñen na consecución dunha Ribeira máis atractiva e amable para todas.

Nesta liña de concreción queremos centrarnos nos seguintes exemplos de contribución ao feísmo sobre os que consideramos que se debería actuar á maior brevidade posible:

- Perduran aínda diversos e numerosos espantillos urbanísticos (ímonos centrar nos non residenciais) na maioría das nosas parroquias, que afean ou limitan o atractivo do seu entorno e dan imaxe de deixamento, como é o caso de certas estruturas que na súa maioría non están operativas, e que semella que elas mesmas reclaman intervencións que suprima ou reduza o seu negativo impacto estético e no disfrute das veciñas. Pertencen a un tipo de construcións, violentadoras do disfrute e harmonía, que no seu día tiveron xustificación para a cobertura dos servizos de telefonía e electricidade, pero que se permitiron levantar tamén sen un mínimo decoro. Creemos que actualmente poden ser suprimidas, trasladadas ou reducir significativamente o seu volume, pois presentan unhas dimensións inxustificadas e inxustificables coas solucións tecnolóxicas que se veñen desenvolvendo hai decenios, tanto no campo da informática como das infraestruturas que facilitan as comunicacións e o transporte de enerxías.

Neste amplo capítulo, sobre o que pensamos que se debería actuar, queremos nesta ocasión poñer o punto de mira nas parroquias de Palmeira e Corrubedo.

Pensamos que un sobranceiro exemplo de impertinencia urbanística o encontramos na Praza do Rueiro de Palmeira, que por certo se encontra moi próxima á importante e custosa intervención de racionalización urbana que está proxectada nesta parroquia. Sería unha interesante e necesaria contribución ao restablecemento da súa harmonía actuar sobre a construción que unha empresa de telefonía posúe nesta praza, ocupando unha parte considerable da mesma.

Temos a grande sorte de poder disfrutar todas e todos do casco histórico de Palmeira, que salienta entre os de maior encanto da Ría de Arousa, non só polo seu privilexiado enclave xeográfico senón tamén polo seu atractivo como pobo de raizame mariñeira, no que destaca, entre outros elementos, a importancia arquitectónica do seu cenenario porto así como as súas rúas e algunhas das casas de estilo mariñeiro que aínda se conservan total ou parcialmente. Laiámonos de que no seu tempo non se tivera feito un plan de conservación do seu entorno paisaxístico e arquitectónico, para así defender patrimonio que está vila posuía (casas mariñeiras, e algún que outro hórreo que voo da horta da parroquia).

- Seguindo a mesma liña queremos tamén referirnos ás torres levantadas no seu día para apoiar infraestruturas de subministro de luz ou teléfono e que rachan as vistas, ás veces dende longas distancias. Entre estas consideramos que constitúe un exemplo lamentablemente sobranceiro a situada a carón do emblemático e atractivo entorno do faro de Corrubedo, convertido recentemente en punto de partida do Camiño da Orixe.

Hai perdas urbanas históricas que hoxe son irreparables, pero temos a obriga de actuar onde si é factible. De acordo co exposto presentamos as seguintes propostas:

- 1. Iniciar os trámites necesarios para suprimir a construción citada situada na Praza do Rueiro de Palmeira. Sempre e cando isto non fose legalmente posible, realizar as xestións necesarias para reducir en todo o posible as súas dimensións e impacto visual.*
- 2. Iniciar os trámites necesarios para erradicar a citada torre situada preto do Faro de Corrubedo.*
- 3. Elaborar un plan de actuación a medio prazo, no que se contemplan as estruturas do tipo das dúas descritas que, en base ao seu negativo impacto na harmonía e calidade de vida, e na viabilidade das posibles solucións, aconsellen actuar na humanización do concello.*

Asinado: Xurxo Ferrón Vidán. Concelleiro de SUMA RIBEIRA.

En Ribeira, a doce de xuño de 2022.

Nota: achéganse fotos relacionadas cos puntos 1 e 2 desta Proposición







Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame sobre proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 20 de xuño de 2022, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

CSV: 07E6000E001B00V9X1L1N11003



Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre proposición do **GM Mixto- Suma Ribeira** relativo a **SUPRESIÓN DE CONSTRUCCION OBSOLETAS DE TELEFONÍA E ELECTRICIDADE** e en consecuencia aproba:

Primeiro:-Iniciar os trámites necesarios para suprimir a construción citada situada na Praza do Rueiro de Palmeira. Sempre e cando isto non fose legalmente posible, realizar as xestións necesarias para reducir en todo o posible as súas dimensións e impacto visual.

Segundo:-Iniciar os trámites necesarios para erradicar a citada torre situada preto do Faro de Corrubedo.

Terceiro:-Elaborar un plan de actuación a medio prazo, no que se contemplen as estruturas do tipo das dúas descritas que, en base ao seu negativo impacto na harmonía e calidade de vida, e na viabilidade das posibles solucións, aconsellen actuar na humanización do concello.

10.-PROPOSICIÓN GM PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL SUÁREZ-PUERTA SIRGADO SOBRE MANTEMENTO DE FONTES PÚBLICAS.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 20 de xuño de 2022 sobre proposición do **GM do Ps de G-Psoe** presentada por **D. José Manuel Suárez-Puerta Sirgado** o día 14 de xuño de 2022 (rex entr. nº 11325), e que é do seguinte tenor literal:

José Manuel Suárez-Puerta Sirgado, con DNI 11386890G, Concejal del Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, presenta al Pleno de la Corporación Municipal de Ribeira, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 116.1.c del Reglamento Orgánico Municipal, la siguiente PROPOSICIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Las fuentes situadas en lugares públicos, si bien han perdido en su mayor parte la función original de abastecimiento de agua a los vecinos para la que fueron instaladas, tienen en la actualidad un cometido básicamente de embellecimiento del entorno.

Muchas de ellas están conectadas a la red pública de abastecimiento de aguas, con lo cual su uso debería estar garantizado en cuanto a la salubridad del agua que suministran, estando otras todavía abastecidas por manantiales, que deben ser indicados como tal, advirtiéndolo a los usuarios que el agua que mana de ellas no está tratada y, por tanto, no puede garantizarse como potable.

Está claro, a nuestro juicio, que el mantenimiento estético y cuidado funcional de las fuentes situadas en espacios públicos es parte de las obligaciones del Concello y, por ende, responsabilidad política del Equipo de Gobierno.

Esta obligación, como otras muchas referidas al cuidado y mantenimiento de las instalaciones, no es cumplida por el Equipo de Gobierno.

Bastan, como ejemplos claros de esto, el estado de las fuentes de O Rueiro y O Touro.

Cubiertas por pintadas, sus desagües no funcionan, los grifos no abastecen de agua y las propias fuentes se encuentran llenas de desperdicios de todo tipo, tanto orgánicos como envases de plástico, demostrando una falta de interés, no solo del mas elemental mantenimiento sino también de la limpieza y la salubridad del entorno en el que están instaladas.



Añadimos fotos al final de la Fuente do Rueiro para hacer visible el lamentable estado que denunciarnos.

Por todo ello, el Grupo Municipal del PSdeG-PSOE realiza la siguiente

PROPOSICION

Que el Equipo de Gobierno del Partido Popular cumpla con sus obligaciones y proceda a la puesta en valor mediante la limpieza y puesta en funcionamiento de las fuentes públicas, bien conectándolas a la red pública de abastecimiento de aguas o bien, si es posible, restaurando las primitivas conexiones de las fuentes a los manantiales desde los que procedía el agua suministrada, indicando en este caso, mediante la cartelería necesaria, que el agua que mana procede de manantial y que, al estar sin tratar, no esta garantizada su potabilidad.





Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame e a proposición do **GM do Ps de G-Psoe**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 20 de xuño de 2022, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre proposición do **GM do Ps de G-Psoe** relativo a **MANTEMENTO DE FONTES PÚBLICAS** e en consecuencia aproba:



***Único:**-Que el Equipo de Gobierno del Partido Popular cumpla con sus obligaciones y proceda a la puesta en valor mediante la limpieza y puesta en funcionamiento de las fuentes públicas, bien conectándolas a la red pública de abastecimiento de aguas o bien, si es posible, restaurando las primitivas conexiones de las fuentes a los manantiales desde los que procedía el agua suministrada, indicando en este caso, mediante la cartelería necesaria, que el agua que mana procede de manantial y que, al estar sin tratar, no esta garantizada su potabilidad.*

E sendo as **23 horas e 59 minutos** do día **26 de xullo de 2022**, en cumprimento do ‘principio de unidade de acto’ previsto nos artigos 87 do ROF e 104 do ROM, quedando pendentes os **puntos 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18 e 19** da orde do día, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/07/2022
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/07/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/07/2022 12:34:09

DOCUMENTO: 20220917531

Fecha: 29/07/2022
Hora: 12:33

CSV: 07E6000E001B00V9X1L1N1I003

